Sobre as razóns do aumento do consumo de auga por persoa e día ata o ano 2014, as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos para o seu aforro e a súa opinión respecto da inclusión da mellora da seguridade e eficiencia das redes de subministración de auga no Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade das vivendas, do novo Plan estatal de vivenda

- 34578 - 24534 (10/PRE-008907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para axilizar o pagamento da cantidade que debe o Estado español polo tratamento dunhas dez mil toneladas de fuel procedentes da catástrofe do "Prestige" depositadas en Sogarisa (no concello das Somozas) desde o ano 2002, a existencia dunha partida específica para ese fin nos orzamentos do Estado, así como a posible aplicación da modificación de prazos por razóns excepcionais que permite a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados

- 34193 - 24632 (10/PRE-008909)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación cos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores realizada no ano 2017, así como as previsións ao respecto para o ano 2018

- 34278 - 25051 (10/PRE-008911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre os datos referidos ás obras previstas polo Goberno galego nas comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública das Felgosas e Vila da Igrexa, no concello de Cerdido, así como a incidencia que van ter nos problemas manifestados polos veciños

- 34277 - 25165 (10/PRE-008913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre a situación actual do proxecto de construción dunha rotonda na intersección de acceso á depuradora, no punto quilométrico 1+900 da estrada PO-404, que une Guillarei e Salvaterra de Miño, o calendario de actuacións e a data prevista para a súa posta en servizo

- 34276 - 25166 (10/PRE-008914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a situación actual do proxecto de construción dunha rotonda na intersección da estrada PO-552, Tui-A Guarda, coa estrada PO-350, que comunica con Pexegueiro e Tebra, no concello de Tomiño, o calendario de actuacións e a data prevista para a súa posta en servizo

- 34576 - 25570 (10/PRE-008923)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o cumprimento en Galicia da Directiva 2008/50/CE sobre a calidade do aire ambiente e unha atmosfera máis limpa en Europa, e a Estratexia galega de loita contra o cambio climático

- 34192 - 25941 (10/PRE-008938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencias producidas os días 2, 6 e 8 de febreiro de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

- 34000 - 25945 (10/PRE-008939)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as razóns da demora do Adif na reparación dos danos causados a consecuencia das obras do AVE nas estradas do concello ourensán de Taboada e as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Ministerio de Fomento ao respecto

- 34572 - 25990 (10/PRE-008941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto dos prazos de licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo, a dispoñibilidade dalgunha previsión orzamentaria para participar no seu financiamento e as medidas previstas para paliar as afeccións das obras de saneamento na actividade marisqueira desta ría

- 34362 - 26172 (10/PRE-008943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da gratuidade, para as persoas mozas, do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da Comunidade Autónoma, en condicións semellantes, polo menos, ás da Tarxeta Xente Nova, e os prazos concretos, así como o orzamento necesario para ese fin

- 34191 - 26197 (10/PRE-008946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para a mellora do firme e da seguridade viaria da A-6, ou Autoestrada do Noroeste, nomeadamente entre O Ceao e Outeiro de Rei, así como entre Baamonde e Montesalgueiro

- 34190 - 26229 (10/PRE-008948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencias producidas o día 11 de febreiro de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

- 34189 - 26428 (10/PRE-008953)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da supresión da liña directa de autobús entre Lugo e Vigo, así como as medidas adoptadas ou previstas para a súa restitución e a garantía dunhas frecuencias e conexións acaídas ás necesidades da poboación

- 34188 - 26596 (10/PRE-008956)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co proxecto correspondente ao polígono industrial Val da Rabeda, no concello de Taboada

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1.º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitud de creación de comisións

Escrito dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, polo que solicitan a creación dunha comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse (doc. Núm. 34704)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de agosto de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Examínase o escrito dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse

Visto o disposto no art. 52.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Admitir a trámite a solicitude.

2º. Remitir a solicitude á Xunta de Portavoces para os efectos da súa inclusión, se é o caso, na orde do día dunha sesión plenaria.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

PREGUNTA SOBRE A PARTICIPACIÓN, NO PALCO DE AUTORIDADES DA PRAZA DE TOUROS DE PONTEVEDRA, DO VICEPRESIDENTE DA XUNTA

Os días 5 e 12 de Agosto deste ano puido contemplarse ao Vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, moi feliz no palco de autoridades da praza de touros de Pontevedra que, co gallo da feira taurina que se desenvolve neste espazo, foron torturados e executados varios bóvidos, grazas ao mantemento da excepcionalidade da tauromaquia na Lei 4/2017 de Benestar dos Animais de Galicia.

A súa participación no espazo reservado aos cargos representativos da cidadanía evidencia, canto menos, o soporte da Xunta a un espectáculo tan anacrónico como cruento, e deixa entrever posibles custes para o erario público, xa que o Vicepresidente da Xunta accedeu como cargo eleito a este espazo do coso taurino.

E por iso que preguntamos:

- Recibiu a Vicepresidencia algún convite para asistir ás touradas de Pontevedra? En caso positivo, cantas entradas se dispuxeron e cal foi o custo da presenza?
- Pensa o goberno galego que este tipo de participación representa ao 99,7% da cidadanía que nen asiste nen avala as touradas no país?
- Vai o goberno desenvolver algunha medida para evitar que as persoas de entre 12 e 18 anos poidan participar destes eventos con entrada libre, no senso contrario ás recomendacións dos organismos internacionais ao respecto?

Firmado por PEREZ SUEIRAS, RUBEN
(FIRMA) el día 13/08/2018 con un
certificado emitido por AC DNIE 003

Asinado dixitalmente por:

PEREZ SUEIRAS, RUBEN (FIRMA) na data 13/08/2018 12:22:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2018 12:25
Nº Rexistro: 34610
Data envío: 13/08/2018 12:25:43.929



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21467** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto do parque eólico de Oleirón, nos concellos de Rois e Brión, na provincia da Coruña (Expediente IN661A 2010/12) e as previsións existentes respecto da súa execución”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria, e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Polo que respecta á declaración de impacto ambiental, cómpre subliñar que o artigo 41.4 da vixente Lei 21/2013, de avaliación ambiental, establece que ‘a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, no seu caso procedan, en vía administrativa e xudicial fronte ao acto polo que se autoriza o proxecto’.

Neste contexto, mencionar que está próxima a resolución do recurso de reposición presentado polo señor Estévez Malvar contra a Resolución do 13 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, na que se fai público o Acordo do Consello da Xunta, do 12 de maio de 2016, polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Olerón, emprazado nos concellos de Rois e Brión (A Coruña), como resultado da tramitación deste procedemento administrativo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34378
Data envío: 06/08/2018 14:41:56.360

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:41:53



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21515**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do aumento ata o ano 2014 do consumo de auga por persoa e día, as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos para o seu aforro e a súa opinión respecto da inclusión da mellora da seguridade e eficiencia das redes de subministración de auga no Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade das vivendas, do novo Plan estatal de vivenda”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas Consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a de Infraestruturas e Vivenda, que ten o seguinte contido:

“De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, así como da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, os concellos teñen atribuídas competencias en materia de subministro de auga e son competentes para a decisión e adopción das medidas necesarias para a xestión deste servizo municipal.

Augas de Galicia ten atribucións respecto do control dos recursos hídricos en períodos de seca ecolóxica. É dicir, sobre o control da diminución nas dispoñibilidades de augas superficiais e subterráneas nos sistemas de xestión durante un prazo temporal dado. O obxectivo é garantir o abastecemento á poboación e minimizar os efectos sobre o medio.

Desde a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio traballase en colaboración coas administracións con competencias na materia, coas que se mantén unha coordinación técnica permanente. Dentro desta labor, nestes períodos de seca ecolóxica infórmaselles aos concellos da situación e solicítaselles a súa colaboración dentro do seu ámbito competencial,

de cara a potenciar o consumo responsable da auga.

Por último, cómpre indicar que a mellora das redes de subministro de auga son externas ás vivendas e dependen da Administración municipal, e non teñen que ver co acceso á vivenda ou a súa rehabilitación, que son os obxectivos básicos de todos os plans de vivenda aprobados ata o de agora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34587
Data envío: 10/08/2018 13:28:54.934

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:28:50

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14899**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a evolución do tráfico da rede de estradas autonómica e vías de alta capacidade postas en funcionamento nos últimos anos”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2017, as estradas de titularidade autonómica rexistraron o maior volume de tráfico desde o ano 2011, cunha intensidade media diaria de 3.077 vehículos. Os datos recollidos na Memoria de Tráfico que anualmente elabora a Consellería de Infraestruturas e Vivenda reflicten un incremento do 1,89 % do tráfico con respecto ao ano 2016.

Os fluxos do tráfico convencional observados ao longo do 2017 en Galicia varían segundo a provincia. A Intensidade Media Diaria (IMD) de vehículos supera á galega nas provincias de Pontevedra, con 4.464 vehículos ao día; e A Coruña, con 4.423. Por debaixo da IMD galega sitúase a circulación nas estradas da rede autonómica de Ourense, 1.618 vehículos ao día; e de Lugo, con 1.544.

No caso da porcentaxe do tráfico pesado que circula polas estradas autonómicas, e que representa o 6,7% do total en Galicia, sitúanse por enriba da media as provincias de Lugo (9,8%), Ourense (7,8%) e A Coruña (6,8%), representando o tráfico pesado en Pontevedra o 5%, do total de vehículos.

Esta porcentaxe do 6,7% de tráfico pesado que circulou polas estradas galegas o pasado ano supón un incremento do 1,52% con respecto ao ano anterior.

A Memoria de Tráfico clasifica tamén os datos de intensidade media diaria de vehículos en función das vías polas que circula. Desesta forma, as vías de alta capacidade acadaron unha media de 8.227 vehículos ao día, o que representa un 4,26 % máis que o rexistrado en 2016.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 10:16
Nº Rexistro: 34031
Data envío: 01/08/2018 10:16:04.808

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 10:16:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34028
Data envío: 01/08/2018 10:15:47.964

Data 01/08/2018 10:15

AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17733**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jaime Castiñeira Broz, sobre **“as liñas básicas do Plan de vivenda que vai levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento en Galicia do programa marco do Ministerio de Fomento”**, (publicada no BOPG número 187 do 5 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) en resposta á pregunta oral en Comisión número 21929, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 26 de xuño de 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa do director do Instituto Galego da Vivenda e Solo pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-06-26?part=25205d17-ea33-491e-a234-291ccf315aae&start=2279>

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-06-26?part=25205d17-ea33-491e-a234-291ccf315aae&start=3020.”](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-06-26?part=25205d17-ea33-491e-a234-291ccf315aae&start=3020)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34028
Data envío: 01/08/2018 10:15:47.964

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 10:15:44

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21513**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de incluír a mellora da seguridade eficiencia das redes de subministración de auga no Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade das vivendas, do novo Plan estatal de vivenda”**, (publicada no BOPG número 229 do 19 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, así como da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, os concellos teñen atribuídas competencias en materia de subministro de auga e son competentes para a decisión e adopción das medidas necesarias para a xestión deste servizo municipal.

Augas de Galicia ten atribucións respecto do control dos recursos hídricos en períodos de seca ecolóxica. É dicir, sobre o control da diminución nas dispoñibilidades de augas superficiais e subterráneas nos sistemas de xestión durante un prazo temporal dado. O obxectivo é garantir o abastecemento á poboación e minimizar os efectos sobre o medio.

Desde a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio traballase en colaboración coas administracións con competencias na materia, coas que se mantén unha coordinación técnica permanente. Dentro desta labor, nestes períodos de seca ecolóxica infórmaselles aos concellos da situación e solicítaselles a súa colaboración dentro do seu ámbito competencial, de cara a potenciar o consumo responsable da auga.

Por último, cómpre indicar que a mellora das redes de subministro de auga son externas ás vivendas e dependen da Administración municipal, e non teñen que ver co acceso á vivenda ou a

súa rehabilitación, que son os obxectivos básicos de todos os plans de vivenda aprobados ata o de agora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:29
Nº Rexistro: 34589
Data envío: 10/08/2018 13:29:10.685

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:29:06

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14898**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a evolución do tráfico da rede de estradas autonómica e, en particular, o tráfico que están a rexistrar as vías de alta capacidade postas en funcionamento nos últimos anos”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2017, as estradas de titularidade autonómica rexistraron o maior volume de tráfico desde o ano 2011, cunha intensidade media diaria de 3.077 vehículos. Os datos recollidos na Memoria de Tráfico que anualmente elabora a Consellería de Infraestruturas e Vivenda reflicten un incremento do 1,89 % do tráfico con respecto ao ano 2016.

Os fluxos do tráfico convencional observados ao longo do 2017 en Galicia varían segundo a provincia. A Intensidade Media Diaria (IMD) de vehículos supera á galega nas provincias de Pontevedra, con 4.464 vehículos ao día; e A Coruña, con 4.423. Por debaixo da IMD galega sitúase a circulación nas estradas da rede autonómica de Ourense, 1.618 vehículos ao día; e de Lugo, con 1.544.

No caso da porcentaxe do tráfico pesado que circula polas estradas autonómicas, e que representa o 6,7% do total en Galicia, sitúanse por enriba da media as provincias de Lugo (9,8%), Ourense (7,8%) e A Coruña (6,8%), representando o tráfico pesado en Pontevedra o 5%, do total de vehículos.

Esta porcentaxe do 6,7% de tráfico pesado que circulou polas estradas galegas o pasado ano supón un incremento do 1,52% con respecto ao ano anterior.

A Memoria de Tráfico clasifica tamén os datos de intensidade media diaria de vehículos en función das vías polas que circula. Desesta forma, as vías de alta capacidade acadaron unha media de 8.227 vehículos ao día, o que representa un 4,26 % máis que o rexistrado en 2016.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34180
Data envío: 01/08/2018 15:20:45.609

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 15:20:42



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17732** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jaime Castiñeira Broz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as liñas básicas do Plan de vivenda que vai levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento en Galicia do programa marco do Ministerio de Fomento”**, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) en resposta á pregunta oral en Comisión número 21929, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 26 de xuño de 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa do director do Instituto Galego da Vivenda e Solo pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-06-26?part=25205d17-ea33-491e-a234-291ccf315aae&start=2279>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-06-26?part=25205d17-ea33-491e-a234-291ccf315aae&start=3020>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34029
Data envío: 01/08/2018 10:15:56.730

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 10:15:52

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21514**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do aumento do consumo de auga por persoa e día ata o ano 2014, as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos para o seu aforro e a súa opinión respecto da inclusión da mellora da seguridade e eficiencia das redes de subministración de auga no Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sostibilidade das vivendas, do novo Plan estatal de vivenda”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, así como da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, os concellos teñen atribuídas competencias en materia de subministro de auga e son competentes para a decisión e adopción das medidas necesarias para a xestión deste servizo municipal.

Augas de Galicia ten atribucións respecto do control dos recursos hídricos en períodos de seca ecolóxica. É dicir, sobre o control da diminución nas dispoñibilidades de augas superficiais e subterráneas nos sistemas de xestión durante un prazo temporal dado. O obxectivo é garantir o abastecemento á poboación e minimizar os efectos sobre o medio.

Desde a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio traballase en colaboración coas administracións con competencias na materia, coas que se mantén unha coordinación técnica permanente. Dentro desta labor, nestes períodos de seca ecolóxica infórmaselles aos concellos da situación e solicítaselles a súa colaboración dentro do seu ámbito competencial, de cara a potenciar o consumo responsable da auga.

Por último, cómpre indicar que a mellora das redes de subministro de auga son externas ás vivendas e dependen da Administración municipal, e non teñen que ver co acceso á vivenda ou a súa rehabilitación, que son os obxectivos básicos de todos os plans de vivenda aprobados ata o de agora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:29
Nº Rexistro: 34588
Data envío: 10/08/2018 13:29:02.528

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:28:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21468** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto do parque eólico de Oleirón, nos concellos de Rois e Brión, na provincia da Coruña (Expediente IN661A 2010/12), e as previsións existentes respecto da súa execución”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Polo que respecta á declaración de impacto ambiental, cómpre subliñar que o artigo 41.4 da vixente Lei 21/2013, de avaliación ambiental, establece que “a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, no seu caso procedan, en vía administrativa e xudicial fronte ao acto polo que se autoriza o proxecto”.

Neste contexto, sinalar que está próxima a resolución do recurso de reposición presentado polo señor Estévez Malvar contra a Resolución do 13 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, na que se fai público o Acordo do Consello da Xunta, do 12 de maio de 2016, polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Olerón, emprazado nos concellos de Rois e Brión (A Coruña), como resultado da tramitación deste procedemento administrativo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34377
Data envío: 06/08/2018 14:41:49.110

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:41:45



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34379

Data envío: 06/08/2018 14:42:03.751

Data 06/08/2018 14:41

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18549**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as razóns da ausencia da lingua galega nas accións formativas programadas, así como na documentación formativa para adaptación dos profesionais da RTVG a un novo modelo de produción audiovisual dixital que se está a instalar no medio público, o prazo previsto para a frear o progresivo desmantelamento da promoción do galego nel e as actuacións que se van levar acabo para o cumprimento da encomenda de promoción da lingua e a literatura galega”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento na Comisión de Control da Corporación de Radio-Televisión de Galicia ao darlle resposta á iniciativa 24762, sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34379
Data envío: 06/08/2018 14:42:03.751

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:42:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34283

Data envío: 02/08/2018 14:18:10.633

Data 02/08/2018 14:18

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22428**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torre e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o impacto que as obras de ampliación da AP9 teñen na actividade lectiva do colexio da Igrexia-Chapela e as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para solucionar a situación”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Segundo se indica no informe elaborado pola Unidade Técnica de Pontevedra, os terreos onde se sitúa o actual CEIP A Igrexa figuran recollidos como equipamento de EXB no Plan Especial de Reforma Interior de Chapela, aprobado por Resolución da Comisión Provincial de Urbanismo de 09/02/88, por existir un centro docente con data de construción anterior (1968).

A autoestrada do Atlántico comezouse no ano 1975 e o tramo entre Pontevedra e Vigo foi inaugurado no ano 1981, afectando a parte da parcela escolar.

Posteriormente, coa aprobación da vixente Lei estatal 25/1988 de estradas, os terreos sitúanse en zona de servidume e afección. O artigo 22 dispón que a zona de servidume das estradas estatais consistirá en dúas franxas de terreo a ambos lados das mesmas, delimitadas interiormente pola zona de dominio público definida no artigo 21 e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación a unha distancia de 25 metros en autoestradas e vías rápidas. Nesta zona non se poderán realizar obras. Igualmente a zona de afección consistirá en dúas franxas de terreo a ambos lados da mesma, delimitadas interiormente pola zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación a unha distancia de 100 metros en autoestradas. Na zona de afección requirirase autorización do Ministerio para calquera tipo de obras ou cambio de uso. Ademais, conforme ao artigo 25, a liña límite de edificación sitúase a 50 metros dende a aresta exterior da calzada en autoestradas, quedando prohibido calquera tipo de obra de construción, reconstrución ou ampliación dentro deste límite.

Tendo en conta que os terreos onde se sitúa o centro quedan comprendidos dentro desta distancia á autoestrada, o artigo 26 da mesma Lei 25/1988 dispón que na zona de servidume e na comprendida ata a liña límite da edificación, o Ministerio poderá proceder á expropiación dos bens existentes, entendéndose implícita a declaración de utilidade pública, sempre que existise previamente un proxecto aprobado de trazado ou de construción para reparación, ampliación ou conservación da estrada.

No BOE do xoves 24 de novembro de 2011 publicouse o RD 1733/2011, de 18 de novembro, polo que se aproba o Convenio entre a Administración Xeral do Estado e Audasa, polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da AP-9, para a ampliación da capacidade de diversos tramos da autoestrada. No mesmo se indica que, dende que no ano 1981 se puxo en servizo o tramo da Autopista do Atlántico entre Pontevedra e Vigo, que inclúe a Ponte de Rande, debido ao acurtamento dos tempos de desprazamento entre unha e outra cidade e de maneira máis importante ao crecemento residencial na península do Morrazo, e conseguinte transvase poboacional e laboral entre ela e a cidade de Vigo que tal mellora viaria induciu, incrementouse notablemente o tráfico dando lugar á perda de fluidez no percorrido entre Vigo e a península do Morrazo, mermando a funcionalidade da autoestrada, problema que previsiblemente se agravará no futuro. Na cláusula segunda do convenio establececese que Audasa construírá, conservará e explotará dentro da concesión da que é titular, os novos carrís definidos nos proxectos titulados “Ampliación de capacidade da autoestrada AP-9. Tramo: enlace de Cangas-enlace de Teis. Clave: 98-PO-9911” e “Ampliación da capacidade da autoestrada AP-9. Ponte de Rande”. A tales efectos Audasa presentará o proxecto construtivo, sendo o prazo de construción de 36 meses dende o inicio das obras.

No BOE do 31 de agosto de 2014 consta anuncio da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de información pública sobre o levantamento de actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados polas obras do proxecto de trazado e construción da ampliación da capacidade da autopista AP-9. Tramo: Enlace de Cangas - Enlace de Teis. Provincia de Pontevedra. Clave: 98-PO-9911. A superficie de 71 fincas e edificacións ubicadas nas parroquias de Chapela e Rande foi declarada polo Ministerio de Fomento de utilidade pública para levar a cabo a ampliación da ponte, ademais de dúas parcelas municipais, unha delas, a do CEIP. A ocupación das fincas máis próximas á ponte é paso definitivo para iniciar a ampliación en dous carrís da AP-9 entre Moaña e Redondela, obra que foi licitada por Audasa en maio por 174,3 millóns de euros, incluídos os accesos cun carril máis en cada sentido, circunstancia que evidentemente beneficiará ao tráfico na zona, quedando probado o interese xeral desta actuación.



Pois ben, vista a legalidade da ocupación dos terreos e construcións sobre os mesmos, afectadas pola súa situación respecto á autoestrada, que so permite as obras imprescindibles de mantemento e conservación, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estudou conxuntamente co Concello de Redondela, a superficie e condicións dos terreos necesarios para a construción dun novo colexio co fin de que previa posta a disposición dos mesmos por parte do concello, acometer a construción dun novo centro educativo nuns terreos máis acordes a súa finalidade.

Co fin de axilizar os trámites para posta en funcionamento do novo CEIP, o 05.08.2016 o Concello de Redondela solicitou inicio de procedemento excepcional de proxecto público educativo ao amparo da Lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, no terreo denominado Leitón en Cidadelle-Chapela. O concello emitiu Resolución da Alcaldía do 03.05.2017 en relación a este expediente, no que se pronuncia sobre a ponderación dos intereses locais afectados e se ratifica na urxencia ou especial interese da obra de construción dun novo CEIP en Cidadelle, acompañando informe do arquitecto municipal e resolvendo informar favorablemente, coas precisións indicadas no informe do arquitecto.

Segundo certificación expedida pola secretaria xeral accidental do concello, o proxecto someteuse ao trámite de información pública, polo prazo de 20 días, mediante anuncio no BOP (número 61 do 28.03.2017) e no xornal Faro de Vigo do mesmo día, non figurando durante o prazo de exposición pública ningunha alegación.

O expediente foi remitido á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 24.05.2017, e unha vez cursados os trámites oportunos, o 05.10.2018 o Consello da Xunta acordou aprobar o proxecto público educativo para un novo CEIP en Cidadelle-Chapela (Redondela), como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

O 29.12.2017 o Concello de Redondela aprobou definitivamente o proxecto de urbanización dos terreos.

Finalmente, o 16.07.2018 por resolución de Alcaldía resolveuse poñer a disposición da concesionaria da autoestrada AUDASA e en particular, da mercantil Puentes y calzadas Infraestructuras, SLU, adxudicataria da execución das obras do CEIP, o terreo de propiedade municipal denominado LEITON, sito en Cidadelle, parroquia de Chapela, e autorizar o inicio das obras do CEIP, en cumprimento do acordo da Xunta en data 5 de outubro de 2017, polo que se aproba o proxecto público.

Así mesmo, comunicouse a esta consellería a data prevista para a formalización da acta de comprobación do replanteo o 16.07.2018, que supón o inminente comezo das obras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34283
Data envío: 02/08/2018 14:18:10.633

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/08/2018 14:18:07



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24809**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á viaxe oficial a Messina iniciada pola directora xeral de Xuventude o día 27 de abril de 2017, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“No marco do programa ‘A Xuventude no Mundo’ do 27 de abril ao 4 de maio de 2018 desenvolveuse un intercambio xuvenil na provincia de Mesina (Sicilia) promovido polo ‘Consorcio Intercomunale de Valli Joniche’, integrado por 13 municipios sicilianos, e a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Por parte da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado participaron nesta viaxe:

- Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado (do 27 de abril ao 1 de maio).
- Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude (do 27 de abril ao 1 de maio).
- José Manuel Neira Picallo, animador socio – cultural e coordinador do intercambio xuvenil (do 27 de abril ao 4 de maio).

Os gastos das tres persoas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que participaron na viaxe corresponden aos gastos de desprazamento dende a Comunidade Autónoma de Galicia ata o lugar de realización do intercambio (Sicilia) – viaxe de ida e volta-. Os referidos gastos de desprazamento son os que seguen:

- Cecilia Vázquez Suárez: 665,97 €
- Yolanda Otero Balsa: 665,97 €
- José Manuel Neira Picallo: 764,18 €

A Xunta de Galicia valora positivamente o cumprimento dos obxectivos desta viaxe, pois este goberno ten como un dos seus eixes prioritarios das políticas de xuventude a promoción da mobilidade xuvenil, destacando a importancia de seguir desenvolvendo e promovendo a cooperación de todos os axentes implicados (mozos e mozas, dirixentes do ámbito da xuventude e as organizacións xuvenís da Unión Europea e de fora da Unión Europea) para que a xuventude siga a ser un axente activo na construción dunha sociedade inclusiva, cohesionada e segura.

A participación por parte de representantes do goberno galego nos primeiros días deste intercambio xuvenil respondeu ao obxectivo de establecer novas liñas de colaboración e seguir fortalecendo as existentes no eido da xuventude entre o goberno autonómico galego e os gobernos locais e o tecido asociativo siciliano en programas de mobilidade como A Xuventude no mundo, Galeuropa ou Erasmus+. Así mantivéronse reunións con representantes locais e do tecido asociativo siciliano para seguir traballando conxuntamente aos efectos de fomentar a mobilidade xuvenil, considerando que a mobilidade é un elemento fundamental na empregabilidade xuvenil, na adquisición de habilidades interpersoais e competencias transversais e interculturais da xuventude galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:27
Nº Rexistro: 34577
Data envío: 10/08/2018 13:27:36.683

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:27:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34361

Data envío: 06/08/2018 14:37:55.434

Data 06/08/2018 14:37

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26871**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación actual do Castelo de Monterrei, as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a protección e valorización patrimonial da calzada de acceso e as catas arqueolóxicas levadas a cabo nesa localización, así como a data estimada para a apertura do parador, a avaliación do grao de cumprimento das condicións da cesión e a idoneidade do seu mantemento”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 26873 na sesión plenaria do 10-11.4.2018, á que nos remitimos, e pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-04-11?part=b7b07de1-ee0a-4b4a-9714-6b7cf59ba840&start=3127>

O proxecto contratado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural consta da escavación arqueolóxica e os traballos de recuperación, conservación e posta en valor do pavimento orixinal.

Executar esta obra, exhumar e deixar á vista o pavimento para a súa reparación, trouxo como consecuencia a necesidade temporal dun acceso rodado alternativo que permite o desenvolvemento das obras e da actividade do recinto.

O 5 de outubro de 2017 iniciouse a execución da obra. Os técnicos de Patrimonio estiveron en contacto con representantes do concello e coordinouse cos responsables do parador nacional de turismo o proceso de execución da obra durante o peche programado da infraestrutura hoteleira, previo á programación da obra, co cal houbo unha adaptación da obra de recuperación da calzada ao peche programado con anterioridade do Parador por razóns da propia empresa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34361
Data envío: 06/08/2018 14:37:55.434

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:37:52



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34275

Data envío: 02/08/2018 14:16:53.007

Data 02/08/2018 14:16

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27487**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre “**o contido do Plan especial de control da Axencia Tributaria de Galicia, o grao de cumprimento dos seus obxectivos para o ano 2017 e os medios persoais e materiais empregados para a súa consecución, así como os que se pretenden acadar para o ano 2018**”, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 5 de xullo compareceu a Directora da ATRIGA na Comisión 3ª para dar conta ante o Parlamento da actividade desenvolvida pola Axencia Tributaria de Galicia durante o ano 2017.

Nesta comparecencia (32.852) explicou que durante o ano 2017 levouse a cabo na ATRIGA un plan especial de loita contra a fraude fiscal, centrado, fundamentalmente, no ISD e tamén no ITP-AXD e no IP. A débeda detectada que se prevía obter con dito Plan era de 20 millóns de euros, sen embargo a súa execución permitiu detectar 32,2 millóns, un 61% máis”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34275
Data envío: 02/08/2018 14:16:53.007

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/08/2018 14:16:49



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:24
Nº Rexistro: 34559
Data envío: 10/08/2018 13:24:57.164

Data 10/08/2018 13:24

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27895**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para a publicación dos resultados do proceso selectivo publicado no DOG do 7 de marzo de 2016 para o ingreso na categoría 003 (Ordenanza e outras) do Grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, en prazas reservadas para a súa cobertura por persoas que acreditasen discapacidade intelectual, así como para a incorporación das persoas seleccionadas aos postos de traballo”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 6 de xullo compareceu o Director Xeral de Función Publica ante a Comisión 1ª para informar acerca da finalización do primeiro proceso selectivo de empregados públicos da Xunta de Galicia reservado para persoas con discapacidade intelectual así como da apertura das listas de contratación temporal para este colectivo

A primeira promoción de empregados públicos con discapacidade intelectual elixiu o pasado 4 de xuño as súas prazas como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. En concreto, as persoas que superaron a oposición xa ocupan cinco prazas de ordenanza na Administración autonómica.

A Xunta xa convocou o pasado mes de abril as segundas oposicións reservadas exclusivamente a persoas con discapacidade intelectual que se realizan na historia da Administración autonómica, con 24 novas prazas de emprego público. As persoas que superen este proceso selectivo pasarán a ser funcionarios da Xunta e traballarán como persoal subalterno.

Ademais a Xunta de Galicia vén de por en marcha por primeira vez unha bolsa de emprego temporal reservada para persoas con discapacidade intelectual. As persoas apuntadas nesta lista poderán traballar nas consellerías da Administración galega con contratos temporais, en postos de traballo especificamente adaptados a persoas con discapacidade intelectual”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:24
Nº Rexistro: 34559
Data envío: 10/08/2018 13:24:57.164

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:24:53



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28142**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a suficiencia da contía das pensións non contributivas e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación dos perceptores e perceptoras”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A dotación orzamentaria da que dispón a Consellería de Política Social para a partida que permite facer fronte ao pagamento de axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos, permite dar cobertura á totalidade dos perceptores das prestacións mencionadas.

Trátase dunha axuda que se ven concedendo dende 2008 de xeito ininterrompido

Ano	Importe axuda
2008	200 euros
2009	200 euros
2010	206 euros
2011	206 euros
2012	206 euros
2013	206 euros
2014	206 euros
2015	206 euros
2016	206 euros
2017	206 euros

Galicia é unha das CCAA que mantén un complemento destas características, que se aboa de xeito totalmente voluntario.

O pagamento realízase de oficio, unha vez que a Xunta comprobe na súa base de datos que os posibles beneficiarios cumpren coas condicións. Polo tanto, non é preciso presentar solicitude, co que nos aseguramos de chegar a todos os beneficiarios.

Esta iniciativa inscríbese na decidida aposta desta Administración por apoiar ao colectivo en risco de exclusión. Neste senso, conta con múltiples medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, que a efectos de planificación estratéxica se encadran na Estratexia Social de Inclusión de Galicia 2014-2020, aprobada en decembro de 2014 polo Consello de goberno da Xunta de Galicia, que establece as prioridades no ámbito da inclusión social para o período 2014-2020.

Así mesmo, dende xuño de 2016 vense desenvolvendo a Axenda Social de Galicia, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais – Xunta de Galicia e entidades locais-, e igualmente en colaboración coas entidades de iniciativa social, co obxectivo de coordinar esforzos e ofertar novos e mellores recursos para atender nos niveis máis próximos á cidadanía que se atopa en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión.

A Axenda comprende medidas de diferentes áreas, como as de apoio á renda, de abordaxe da pobreza enerxética e infantil, de atención á inclusión residencial, de promoción de programas e proxectos de inclusión social, ou de atención á dependencia, así como o financiamento de programas e proxectos de inclusión social desenvolvidos por corporacións locais e entidades de iniciativa social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:24
Nº Rexistro: 34554
Data envío: 10/08/2018 13:24:16.866

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:24:13



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30209**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á vulneración pola CRTVG do dereito á folga dun sindicato convocante da folga xeral de 24 horas en Galicia que tivo lugar o día 8 de marzo de 2018”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión da Comisión de Control da Corporación de Radio-Televisión de Galicia, do 31 de maio de 2018 - ao darlle resposta á pregunta 30208 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34349
Data envío: 06/08/2018 14:36:21.682

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:36:04



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30225**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o calendario da Xunta de Galicia para a execución dos proxectos correspondentes aos tramos pendentes da Vía de alta capacidade Tui-A Guarda, a existencia de proxectos consensuados para os tramos comprendidos entre o enlace de Areas e Goián, así como de dispoñibilidade orzamentaria para o desenvolvemento dos tramos restantes, as razóns da paralización da súa construción e o prazo previsto para o seu reinicio”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Para a continuación da execución da VAC Tui - A Guarda pódense distinguir dous treitos.

O primeiro deles, o treito I: enlace A-55 - enlace de Areas (puntos quilométricos 0+000 - 0+630) está en fase de redacción.

En canto ao treito II: reformulación do treito PO-350 – Goián, o 1 de marzo de 2018 formalizouse o contrato de servizo para a redacción do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental por importe de 181.125,75 € (IVE incluído). Esta solución semella a máis vantaxosa, pero resulta necesario culminar o correspondente procedemento con todas as garantías de transparencia e participación pública. Neste caso e dado o sensible que é a actuación para a zona, a prioridade debe ser aprobar un trazado con consenso social e a conformidade das distintas administracións. Acadado este obxectivo, o desenvolvemento da actuación será relativamente sinxelo.

Completar o eixo Tui – A Guarda constitúe unha das prioridades da Administración

autonómica, se ben o calendario para o desenvolvemento dos tramos restantes vén condicionado pola tramitación administrativa que é necesario levar a cabo para facer viable a actuación, así como para acadar unha mellor solución ambiental e unha mellor adaptación ao territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34347
Data envío: 06/08/2018 14:35:53.384

galicia

CVE-PREPAR: f63d6c83-0556-6426-64b4-9ff1dc325e45

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34347
Data envío: 06/08/2018 14:35:53.384

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:35:50



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30883**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as razóns da práctica desaparición do programa Diario Cultural da programación da Radio Galega, anunciada para a tempada 2018-2019, a súa posible incidencia na audiencia desa emisora e as intencións referidas á supresión das actuais desconexións locais”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión da Comisión de Control da Corporación de Radio-Televisión de Galicia, do 31 de maio de 2018 - ao darlle resposta á pregunta 30880 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34346
Data envío: 06/08/2018 14:35:45.853

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:35:42



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:21
Nº Rexistro: 34534
Data envío: 10/08/2018 13:21:09.738

Data 10/08/2018 13:21

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31069**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da anunciada desaparición do programa Diario Cultural na Radio Galega e as actuacións previstas para evitala”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POC 30781 na comisión 4ª do 7.6.2018, á que nos remitimos, pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-06-07?part=ab09ebf5-64cb-4273-8aa7-a6bd39075b32&start=6958>

A CRTVG é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia, como así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato Marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Saliéntase tamén que o 31 de maio, o director xeral da CRTVG respostou oralmente a esta cuestión na súa comparecencia mensual ante a Comisión de Control á CRTVG.

Con respecto á información pública sobre os cambios na programación da Radio Galega no eido cultural:

1- Unha reestruturación do 'Diario Cultural', que pasa a ter 4 edicións diarias e en horarios de máis audiencia. Isto supón pasar de 50 minutos a 100 ao día de 'Diario Cultural' en catro bloques diarios.

2 - A creación de 3 edicións en directo do 'Diario Cultural' na fin de semana, que non existen ata o de agora.

3 - A creación dunha canle dixital na que se engadan os contidos do 'Diario Cultural'.

4 - A permanencia do equipo actual e reforzalo con máis persoal.

A proposta da Radio Galega non é máis que un novo cambio de formato, ampliado en duración diaria e en retransmisións, amparado por un estudo previo e pormenorizado da propia grella da Radio galega, das tendencias das audiencias e das novas formas de comportamento e consumo de radio dos oíntes, recollidos en múltiples informes.

Polo tanto, a nova estrutura do 'Diario Cultural' está pensada dentro da nova programación para que chegue a moita máis xente da que chega no seu formato anterior, ampliando o acceso á información cultural de moitos máis oíntes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:21
Nº Rexistro: 34534
Data envío: 10/08/2018 13:21:09.738

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:21:06



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31396**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torre e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da asunción da xestión do Conservatorio Profesional de Música de Lalín”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POC 16708 na comisión 4ª do 11.10.2017, á que nos remitimos, e pode consultarse no enlace web: <http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2017-10-11>.

Existe unha cobertura lóxica por parte da Xunta de Galicia das ensinanzas de grao profesional de música adaptada á demanda existente, independentemente de que os concellos, de maneira libre, queiran ofrecer este tipo de servizos de titularidade municipal (calquera escola, centro formativo ou actividade extraescolar deportiva, artística...), pero sempre asumindo a capacidade propia e os custes que iso pode ter no momento do seu establecemento, independentemente das axudas e subvencións que poda recibir doutras administracións en momentos determinados.

Existen moitas destas actividades en Galicia de titularidade municipal en case todos os concellos, ou tamén como iniciativas privadas que todos temos constancia, pero é evidente e lóxico que resultaría imposible que a Xunta de Galicia asumise ou financiase ao 100% todas as academias, centros de formación extraescolar, escolas deportivas...que existen na nosa comunidade. Non existe ningún precedente en Galicia de intencionalidade de asunción por ningún goberno autonómico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34274
Data envío: 02/08/2018 14:16:45.100

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/08/2018 14:16:27



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31439**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o tratamento informativo dado pola TVG o día 24 de maio de 2018 á sentenza xudicial referida ao caso Gürtel”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión da Comisión de Control da Corporación de Radio-Televisión de Galicia, do 22 de xuño de 2018 - ao darlle resposta á pregunta 31438 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34343
Data envío: 06/08/2018 14:35:23.696

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:35:20



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:20
Nº Rexistro: 34530
Data envío: 10/08/2018 13:20:24.159

Data 10/08/2018 13:20

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31505**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información e a opinión da Xunta de Galicia referida á existencia de dificultades para a realización no ano 2018 do Festival de Cinema Internacional de Ourense, o mantemento dalgún contacto co Concello para procurar e aportar algunha solución para a súa celebración e o seu mantemento, así como as súas previsións respecto do incremento das achegas económicas realizadas nos últimos anos para ese fin”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á PUP 32265 na sesión plenaria do 19-20.6.2018, á que nos remitimos, e pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-20?part=f43a330e-f585-4617-a86b-2df9323f6450&start=5101>

A entrada en vigor da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, fai que todas as administracións teñan que adaptarse nas súas contratacións, e isto é o que está a facer o Concello de Ourense apropiadamente.

A Consellería de Cultura e Educación, a través de AGADIC e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborou en pasadas edicións, e ten comprometidas achegas para a realización do Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF) en 2018, por considerar

esta cita cinematográfica como un evento de referencia no mapa galego de festivais audiovisuais.

Unha vez que se adapte á normativa de contratación, o Concello de Ourense vai contar de novo coa colaboración da Xunta de Galicia para viabilizar e darlle relevancia ao OUFF, respectando os tempos e os procedementos dunha administración autónoma e independente como a local”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:20
Nº Rexistro: 34530
Data envío: 10/08/2018 13:20:24.159

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:20:20



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31806**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida ao tratamento que está a recibir a cultura galega na programación da CRTVG e o cumprimento do disposto na materia na Lei 9/2011, de medios audiovisuais públicos de Galicia, así como súas previsións ao respecto, nomeadamente, no referido ao asinamento dos Contratos programa e a creación da Autoridade Audiovisual”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A CRTVG é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia, como así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato Marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Saliéntase tamén que o 31 de maio, o director xeral da CRTVG respostou oralmente a esta cuestión na súa comparecencia mensual ante a Comisión de Control á CRTVG.

Con respecto á información pública sobre os cambios na programación da Radio Galega e do seu programa ‘Diario Cultural’ :

1- Unha reestruturación do ‘Diario Cultural’, que pasa a ter 4 edicións diarias e en horarios de máis audiencia. Isto supón pasar de 50 minutos a 100 ao día de ‘Diario Cultural’ en catro bloques diarios.

2 - A creación de 3 edicións en directo do ‘Diario Cultural’ na fin de semana, que non existen ata o de agora.

3 - A creación dunha canle dixital na que se engadan os contidos do ‘Diario Cultural’.

4 - A permanencia do equipo actual e reforzalo con máis persoal.

A proposta da Radio Galega non é máis que un novo cambio de formato, ampliado en duración diaria e en retransmisións, amparado por un estudo previo e pormenorizado da propia grella da Radio galega, das tendencias das audiencias e das novas formas de comportamento e consumo de radio dos oíntes, recollidos en múltiples informes, e así quedou clarificado tras a comparecencia do director xeral da CRTVG citada anteriormente.

Atendendo ao establecido legalmente, a Xunta de Galicia non se debe pronunciar ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais.

A Secretaría Xeral de Medios engade que a a Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia recolle unha serie de actuacións que se tiñan que acometer nun tempo determinado, a complexidade dalgunhas delas, así como o seu custo -como é o caso concreto do proxecto de lei da Autoridade audiovisual de Galicia- dificultaban daquela a súa posta en marcha.

Nestes momentos, é propósito da Xunta de Galicia impulsar o proxecto de Lei da Autoridade audiovisual. Sendo conscientes de que a súa creación conleva unha certa complexidade, é preciso, antes de poñer en marcha un proxecto destas características, definir eficazmente os obxectivos e a estrutura desa futura entidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 34526
Data envío: 10/08/2018 13:19:51.752

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:19:48



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32240**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torre e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o anuncio de construción do novo edificio Domingo Fontán na Cidade da Cultura destinado ao acollemento do Consorcio Interuniversitario de Galicia e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais”**, (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 31903 e a POP 32242 na sesión plenaria do 10-11.7.2018, ás que nos remitimos, e pode consultarse no enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=12038>.

O novo edificio, que levará o nome do matemático e xeógrafo galego Domingo Fontán, acollerá tres entes vinculados co SUG, dous deles de nova creación.

Permitirá avanzar na integración do Sistema Universitario de Galicia (SUG), ao reforzar a cooperación interuniversitaria e a investigación máis excelente.

Por un lado, situará o Consorcio Interuniversitario de Sistema Universitario de Galicia (CISUG): entidade de nova creación que impulsa a colaboración entre as tres universidades galegas en materia organizativa, económica, técnica e administrativa

Por outro, albergará o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC), un novo centro de investigación, o primeiro do SUG vinculado ás Ciencias Sociais e que afondará en todo o que rodea ao Camiño de Santiago.

Por último, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG): entidade xa existente situarase neste complexo, coa súa función de accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

En cumprimento dun acordo parlamentario de marzo de 2013, e tras a paralización da construción do Teatro da Ópera no complexo do Gaiás, este centro ocupará o espazo baleiro do mesmo.

Falamos dunha infraestrutura consensuada coas tres universidades e apoiada polos tres reitorados, que integrará servizos dos que se beneficiarán todos os campus da nosa comunidade.

Os tres organismos universitarios galegos achegarán ao Edificio Fontán arredor de 140 traballadores, que a día de hoxe xa están desenvolvendo o seu labor no Sistema Universitario de Galicia: 19 corresponderán ao Consorcio Interuniversitario, 17 á Axencia para a Calidade e 100 investigadores formarán parte do Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34271
Data envío: 02/08/2018 14:15:55.834

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/08/2018 14:15:52



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34270

Data envío: 02/08/2018 14:15:46.255

Data 02/08/2018 14:15

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33253**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a planificación existente no Hospital Comarcal do Salnés en relación coa atención aos partos durante os meses de verán e as razóns que hai para continuar pechando servizos nel na época estival”**, (publicada no BOPG número 338 do 19 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A planificación da atención aos partos no Hospital do Salnés durante os meses de verán ven sendo a mesma que o resto do ano, é dicir, atención aos mesmos no propio centro. Non houbo derivación de ningún parto ao Complexo Hospitalario de Pontevedra no que vai de mes de xullo.

Con respecto a reorganización de camas que se produce no Hospital durante os meses de verán, como consecuencia da diminución da actividade, cómpre indicar que non entran nesta reorganización as camas de obstetricia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34270
Data envío: 02/08/2018 14:15:46.255

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/08/2018 14:15:20

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21843**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia con respecto ás estadións intermodais e as datas previstas para a súa realización”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 21844, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 23 e 24 de xaneiro, á que nos remitimos.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=4b8c8b93-df3a-4223-aea1-8019d368fe2c&start=3155>

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=4b8c8b93-df3a-4223-aea1-8019d368fe2c&start=3397.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=4b8c8b93-df3a-4223-aea1-8019d368fe2c&start=3397)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34179
Data envío: 01/08/2018 15:20:38,297

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 15:20:34

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21889**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a evolución do tráfico da rede autonómica de estradas e, en particular, das vías de alta capacidade postas en funcionamento nos últimos anos”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2017, as estradas de titularidade autonómica rexistraron o maior volume de tráfico desde o ano 2011, cunha intensidade media diaria de 3.077 vehículos. Os datos recollidos na Memoria de Tráfico que anualmente elabora a Consellería de Infraestruturas e Vivenda reflicten un incremento do 1,89 % do tráfico con respecto ao ano 2016.

Os fluxos do tráfico convencional observados ao longo do 2017 en Galicia varían segundo a provincia. A Intensidade Media Diaria (IMD) de vehículos supera á galega nas provincias de Pontevedra, con 4.464 vehículos ao día; e A Coruña, con 4.423. Por debaixo da IMD galega sitúase a circulación nas estradas da rede autonómica de Ourense, 1.618 vehículos ao día; e de Lugo, con 1.544.

No caso da porcentaxe do tráfico pesado que circula polas estradas autonómicas, e que representa o 6,7% do total en Galicia, sitúanse por enriba da media as provincias de Lugo (9,8%), Ourense (7,8%) e A Coruña (6,8%), representando o tráfico pesado en Pontevedra o 5%, do total de vehículos.

Esta porcentaxe do 6,7% de tráfico pesado que circulou polas estradas galegas o pasado ano supón un incremento do 1,52% con respecto ao ano anterior.

A Memoria de Tráfico clasifica tamén os datos de intensidade media diaria de vehículos en función das vías polas que circula. Desesta forma, as vías de alta capacidade acadaron unha media de 8.227 vehículos ao día, o que representa un 4,26 % máis que o rexistrado en 2016.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34178
Data envío: 01/08/2018 15:20:30.718

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 15:20:27

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21913**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jaime Castiñeira Broz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance que fai a Xunta de Galicia en relación coas medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie no parque empresarial das Gándaras en Lugo”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No mes de xullo a Xunta de Galicia adxudicou dúas novas parcelas no parque empresarial das Gándaras (Lugo), cunha superficie conxunta de 11.709 metros cadrados por importe total de preto de 704.000 euros, despois de aplicar unha bonificación do mesmo importe.

